



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/06/2009 09:30  
Nº Rexistro: 03059  
Data envío: 17/06/2009 18:41:24.376

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez**, e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Comisión, relativa ao rexeitamento e condena das proclamas xenófobas e antigalegas procedentes da Fundación FAES.

A FAES (Fundación para el Análisis y Estudios Sociales), criada en 1989, é unha fundación vinculada ao Partido Popular e presidida por José María Aznar. No seu Padroado participan persoas como Ángel Acebes, Esperanza Aguirre, Francisco Álvarez Cascos, Javier Arenas, Jaime Mayor Oreja, Federico Trillo, Alejo Vidal-Quadras ou Eduardo Zaplana.

É esta a entidade (fundación vinculada a partido) máis subvencionada polo Ministerio de Cultura do Goberno español. No presente ano 2009 recibirá 2'68 millóns de euros para fomentar as súas actividades, cantidade á que a cumpre acrecentar outros recursos procedentes dos Ministerios de Asuntos Exteriores e o de Educación. Sumando estas tres institucións, e nun contexto de grave crise económica, só no ano 2008 os impostos dos contribuíntes serviron para sufragar á Fundación FAES, cun volume de recursos públicos de 3.348.470 euros.

Boa parte dos cartos obtidos polos impostos (tamén procedentes de galegas e galegos) dedícanse a atacar e agredir os sinais de identidade lingüísticos e culturais do pobo galego. Moitas das actividades e publicacións desenvolvidas pola Fundación FAES teñen como obxectivo a burla, a caricaturización, o desprezo e a eliminación



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do noso idioma. Os principios ideolóxicos de calquera formación ideolóxica son lexítimos e respectábeis, sexan ou non compartillados. Mais cando se utiliza a arma do racismo e da xenofobia (e ademais de xeito subvencionado) para atacar, insultar e humillar a un pobo como o galego, cumpre reaxir, non calar, e manifestar o rexeitamento máis rotundo á conculcación dos principios democráticos máis elementais.

O propio marco legal e estatutario vixente na Galiza é absolutamente desprezado pola Fundación FAES. Así o comprobamos en numerosas publicacións, seminarios e actos públicos organizados por esta entidade. Cuestiónase, por exemplo, a pura existencia do galego como idioma, concibíndoo como *“una suma de variantes lingüísticas galaicas que, por comodidad, llamábamos gallego”*. Iso sí, se aínda se fala é, a xuízo da Fundación FAES, fundamentalmente por dúas razóns:

“El aislamiento de Galicia había permitido su supervivencia (...) y el analfabetismo del campesinado gallego hizo el resto”.

Segundo esta pintoresca análise, historicamente, o campesiñado castelá posuía estudos superiores e non tiña problemas de illamento, razón pola que probabelmente non se fale galego en Castela. Porén, na Galiza, cun pobo inculto, iletrado e ignorante xéranse as condicións idóneas para o uso do galego.

Hai máis. Chégase a criticar nunha das súas publicacións a existencia de léxico galego, propio (“orzamento”, “século”, “avogado”, ou “polbo”), aínda sabendo, segundo esta curiosa liña que *“lo más cómodo era continuar acudiendo al castellano, como era natural en Galicia”*. Repárese na estupidez do seguinte argumento:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

*“Aún más incómodo ,¿Quién se atreve a pedir un “polbo” cuando quiere comer pulpo?”.*

Pois afortunadamente moita xente, sen problema de ningún tipo, sen mentalidade perturbada ou sexualmente anómala, fala no seu idioma con normalidade e naturalidade do polbo, da nasa do polbo, ou de lanchas polbeiras.


O vixente Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu artigo 5.1 afirma literalmente que *“a lingua propia de Galiza é o galego”*. Nin iso lles vale:

*“El concepto de lengua propia (...) Se trata, que duda cabe, de unha idea predemocrática, que legitima la prevalencia de una de las lenguas con respecto a la otra, que, para más inri, es la única lengua oficial del Estado.”*

Tanto ten que Galiza posúa a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, porque:

*“Esta política, inusitadamente denominada “normalización”, es la última de las extravagancias que atraviesa la historia de España”.*

Combátense tamén, noutra publicación, as políticas de impulso normalizador. Esquecendo que por cada euro dedicado ao galego destínanse 230 ao español (incluíndo Instituto Cervantes, axudas á cinematografía en español, publicacións e edicións en español, etc.), ou que a propia Fundación FAES se sitúa a anos luz, en



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


canto a beneficiaria pola vía da subvención de calquera organización social galega en defensa do noso idioma, afirmase:

*“De esta creencia -y de la que considera que una lengua es un tesoro cultural, un patrimonio de la humanidad- se sigue que una lengua debe ser subvencionada. No importa si la hablan mas o menos personas. No importa el dinero que haya que invertir para “devolverla a la vida” –suponiendo que esté moribunda-.”*

E continúa: *“Podríamos evaluar asimismo si merece la pena dedicar una parte del argumento y de las energías de muchos ciudadanos a estes asuntos, cuando resulta que no hay dinero suficiente para educación, sanidad ou obras públicas”.*

Excelente análise. Magnífica. E pódese comezar, precisamente pola supresión de subvencións á mesma Fundación FAES, que debera dar exemplo, para dedicarllas, por exemplo, á sanidade pública galega, e facer así que os 7.607.966 euros recibidos por esta entidade en só dous anos (2001-2003) se destinasen non a combater a diversidade nacional, lingüística e cultural do Estado, e si a fins máis altruístas e socialmente beneficiosos. E mesmo que se suprimiran os Ministerios de Cultura e de Vivenda (de facto as competencias nestas materias están xa transferidas), representando un non desprezábel aforro público en tempos de crise.

Resulta curioso tanto ofuscamento cun modelo de galego coidado e non deturpado, mesmo enfrontando unhas regras ortográficas e morfolóxicas definidas pola Real Academia Galega, oficializadas baixo gobernos de AP/PP, por certo lamentablemente lonxe das normas reintegracionistas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

*“Esta estandarización, en vez de consistir en el lógico desarrollo de unas formas dialectales hacia un estándar común, ha consistido en promover la variante –fonética, morfológica, sintáctica- más alejada de la variante castellana correspondiente (...). Ni que decir tiene que este proceso de descastellanización a ultranza del idioma –o sea, de preferir siempre la forma más alejada de la castellana correspondiente- es unha muestra más del valor identitario que el nacionalismo confiere al idioma”.*


Iso si, baixo a científica e prexuzosa afirmación de que *“un idioma que precisa muletas las va a precisar siempre”*, procúranse razóns de oposición a medidas de discriminación positiva:

*“El caso de negros y mujeres en Estados Unidos a partir de 1970 con el de catalanohablantes o vascohablantes en España a partir de 1980 –a los gallegohablantes la hora les ha llegado más tarde-, los efectos contraproducentes de la discriminación positiva son muy parecidos aquí y allí”.*

O que non ten desperdicio é o “rigoroso” traballo de investigación, análise e interpretación histórica. Por suposto,

*“La expansión del castellano y su generalización en España se deben a una aceptación voluntaria de los hablantes de otras lenguas peninsulares e insulares.”*

Mesmo o franquismo é convenientemente suavizado e temperado. Así, reescíbese o que significaron 40 anos de ditadura militar e de imposición violenta do español na Galiza do seguinte xeito:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*“Aún cuando estuvo prohibida la prensa diaria en outra lingua que fuera la castellana –en realidade, hasta mediados de los sesenta estuvo prohibida la aparición de cualquiera mera cabecera, incluso en castellano-, si pudieron publicarse seminarios y revistas de perioricidad mensual, y toda clase de libros, en las demás lenguas españolas (...). En todo caso, el mismo límite que tuvieron las producciones en castellano.”.*

Cumpre desde as institucións galegas, facerlle fronte a esta estratexia galegofóbica, rexeitando e condenando actuacións detestábeis do punto de vista democráticas, irrespectuosas e humillantes para con Galiza, o pobo galego e os seus sinais de identidade lingüísticas e culturais, e mesmo reprobábeis eticamente. O peor erro, neste contexto, sería asumir como normal, e interiorizar como natural, insultos e aldraxes contra o noso ser colectivo, contra a dignidade de Galiza. O galego non é un pobo dócil nin submisivo, nin acomplegado por posuír un idioma de seu. E as institucións galegas deben responder a eses mesmos criterios.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza:

1º) Manifesta a súa máis enérxica condena e rexeitamento ás proclamas xenófobas e antigalegas realizadas pola Fundación FAES en moitas das súas actuacións, publicacións e seminarios que esta fundación organiza.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/06/2009 09:30  
**Nº Rexistro: 03059**  
Data envío: 17/06/2009 18:41:24.376

2.º) Insta ao Goberno galego para que, a iniciativa propia, e tamén perante o Goberno español, utilice as medidas precisas a fin de que a Fundación FAES cese de inmediato coas actitudes manifestamente hostís á diversidade nacional, lingüística e cultural existente no Estado español e, especificamente, respecte o dereito do pobo galego á súa existencia política e ao exercicio pleno dos seus dereitos lingüísticos e culturais.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 17/06/2009 18:37:43**